

ACTA Nº 1 DA MESA DE CONTRATACIÓN: APERTURA E CUALIFICACIÓN DE DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

LICITACIÓN: OBRA “MELLORA DE REDES VIARIAS NA LOCALIDADE DE SIGÜEIRO”

LUGAR: Sala de Xuntas da Casa do Concello de Oroso
DATA: 18/09/2009
HORA COMEZO: 9:00 horas

ASISTENTES:

Manuel Mirás Franqueira (alcalde-presidente), presidente.
José Manuel Pérez Penas (concelleiro de obras, servizos básicos e persoal laboral), vogal
Dalmiro Núñez Méndez (secretario do Concello), vogal
Manuel Suárez Bermúdez (arquitecto municipal), vogal
Javier Santos González (funcionario encargado de servizos xerais e arquivo), secretario

ORDE DO DÍA:

- 1.- Apertura e cualificación da documentación contida no sobre “A” subtitulada “Documentación” relativa a capacidade de obrar
- 2.- Convocatoria aos licitadores para apertura e valoración das referencias técnicas

1.- APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN CONTIDA NO SOBRE “A” SUBTITULADA “DOCUMENTACIÓN” RELATIVA Á CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Logo de examinar o certificado do secretario do Concello, presentaron proposicións os seguintes licitadores:

- Eulogio Viñal Construcciones y Obras S.A

A Mesa procede á apertura e cualificación da documentación contida no sobre “A” “documentación relativa á capacidade para contratar” presentada polos licitadores arriba sinalados, de conformidade co prego-tipo de cláusulas administrativas particulares da Deputación Provincial da Coruña para a contratación de obras comprendidas nos plans provinciais (BOP núm. 98 de 29/04/2008) e co anexo ao prego que rexe para a contratación da obra “Mellora nas redes viarias na localidade de Sigüeiro” aprobado polo Concello de Oroso por decreto de alcaldía de 2 de setembro de 2009.

- A documentación presentada por Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A é correcta.

Unha vez cualificada a documentación contida no sobre “A” subtitulado “Documentación”, a Mesa adopta o seguinte acordo:


Admitir á licitación a “Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A”.

2.- CONVOCATORIA PARA A APERTURA E VALORACIÓN DAS REFERENCIAS TÉCNICAS

Tras a lectura da documentación contida no sobre “A” a mesa acorda convocar unha nova reunión o martes 22 de setembro de 2009, ás 9:15, no Concello de Oroso, para a valoración das referencias técnicas presentadas polos licitadores.

Sendo as 9:30 horas, a Mesa dá por terminado o acto. De todo o transcrito nesta acta, que asina o presidente (ou secretario da Mesa, dou fe.

PRÉSIDENTE



SECRETARIO